


# Os meus favoritos

Guía de enderezos de internet



## → Aquí atoparás...

Artes escénicas | Banda deseñada | Buscadores | Camisolas | Blogs  
| Cultura popular | Deportes | Diáspora | Ecoloxismo | Educación |  
Imaxe e audiovisual | Información cultural | Institucións públicas |  
Libros e literatura | Lingua | Mocidade | Música | Organizacións polí-  
ticas | Redes sociais | Recursos lingüísticos | Software e tecnoloxía  
| Turismo e comercio | Xogos | Xornais...

# Os meus favoritos

Guía de enderezos de internet

## *O galego precisa de Internet e Internet precisa do galego!*

Desde o ano 1963 celebramos e reivindicamos en Galicia a nosa lingua e as nosas letras. A partir de 2006 o mesmo día celebramos, ademais, o Día de Internet que, pola súa vez, coincide co Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, que se celebra xa desde 1969. Todo isto fai que o 17 de maio sexa unha xornada de celebración e reivindicación simultánea que se converte nunha moi boa ocasión para intensificar a relación imprescindible entre a lingua e a rede.

Todas as galegas e todos os galegos temos a oportunidade de participar no mundo globalizado da rede con identidade propia a través da nosa lingua e debemos ver Internet como unha ferramenta de comunicación, creación, difusión, participación e opinión que pode e debe integrarnos nun contexto internacionalizado desde a nosa identidade.

Os servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos de Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Zas, por medio desta guía, queremos difundir unha pequena selección de sitios web en galego para así contribuír á difusión da información na nosa lingua, ao mesmo tempo que á difusión da creación artística, da cultura, do deporte, da literatura, da música, dos espazos de participación e creación de opinión, do ensino, do medio, etc. Con ela queremos convidaros a que navegedes e a que descubrades o ciberespazo en galego.

A través de Internet podemos conectarnos á lingua e a través da lingua podemos conectarnos a Internet.

## Navega en galego

O teu ordenador pode falar galego, pois tanto os sistemas operativos, como os navegadores ou paquetes ofimáticos teñen versión galega.

### → SISTEMAS OPERATIVOS



**Windows:** as diferentes versións do sistema operativo de Microsoft contan con versión en galego. Podes atopar máis información en: [www.microsoft.com/spain/gal/default.mspix](http://www.microsoft.com/spain/gal/default.mspix)



**Ubuntu:** (Linux): o sistema operativo máis popular de software libre podes descargalo directamente en galego: [www.ubuntu.com/desktop](http://www.ubuntu.com/desktop)

### → OFIMÁTICA



**Open Office:** O paquete ofimático de código aberto que inclúe procesador de textos, bases de datos, follas de cálculo, presentacións, debuxo... Pódese descargar sempre a última versión en galego en: <http://gl.openoffice.org>



**Microsoft Office:** Versións do paquete ofimático de Microsoft (Word, Access, Excel, PowerPoint...) tamén contan con versión en galego: <http://www.microsoft.com/spain/gal/default.mspix>

## → NAVEGADORES



**Mozilla Firefox:** o navegador máis usado sempre conta coa súa última versión en galego:  
[www.mozilla.com/gl/firefox](http://www.mozilla.com/gl/firefox)



**Internet Explorer:** versións do navegador de Microsoft tamén teñen versión en galego:  
[www.microsoft.com/downloads](http://www.microsoft.com/downloads)

Ademais de poder ter unha versión traducida ao galego do navegador, podes configuralo tamén para navegar na nosa lingua, e así dar a coñecer a túa preferencia lingüística aos xestores de contidos da rede.

### Por que é importante configurar o navegador para navegar en galego?

Por varios motivos:

- Ao entrares nunha páxina web que teña tradución a diferentes linguas, a páxina verase na que teñas establecida como predefinida. Se tes configurado o navegador para empregares o galego como primeira opción, verás a páxina neste idioma se ten tradución e sen necesidade de mudar a opción.
- Se precisas descargar un programa que ten múltiples traducións, este baixaráse na versión de idioma que teñas establecido como predefinido. Así, se tes o galego como primeira opción, o programa descargárase na nosa lingua, sen necesidade de procurares posteriormente outra versión.
- Ademais, nalgúñas páxinas fica constancia do navegador que estás a empregar e a túa lingua de navegación. Ao pores o galego como idioma predefinido, estás a dicir de forma indirecta que precisas e buscas contidos en galego, polo que podes influír en que creen a versión en galego se aínda non a teñen

Xa sabes por que; que o navegador fale por ti!


Información para configurar os navegadores Internet Explorer, Mozilla Firefox, Google Chrome, Opera e Safari: <http://navegaengalego.blogaliza.org>

## → ARTES ESCÉNICAS



### Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)

Asociación que agrupa as actrices e actores galegas/os  
[www.aaag.es](http://www.aaag.es)



### Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)

Información sobre o festival de teatro que ten lugar en Carballo todos os outonos  
[www.fiot.org](http://www.fiot.org)



### Galicia Móvese

Axenda de espectáculos escénicos e musicais da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia  
[www.galiciamovese.xunta.es](http://www.galiciamovese.xunta.es)

## → BANDA DESEÑADA



### BD Banda

Revista de banda deseñada galega  
[www.bdbanda.com](http://www.bdbanda.com)



### BD. Cultura Galega. Banda deseñada

Soportal de Culturagalega.org con información sobre a banda deseñada galega  
[www.culturagalega.org/bd](http://www.culturagalega.org/bd)

## → BANDA DESEÑADA



### Polaqia

Colectivo de autores/as autoeditores/as de banda deseñada

[www.polaqiacomic.com](http://www.polaqiacomic.com)



### Revista Retranca

Revista galega de humor

[www.revistaretranca.com](http://www.revistaretranca.com)

## → BUSCADORES



### Google

O máis popular buscador do mundo, que tamén ten versión en galego

[www.google.com/gl](http://www.google.com/gl)



### Jujel

O buscador *ghallegho* que traballa sobre Google

[www.jujel.es](http://www.jujel.es)



### Bing

Novo buscador que tamén ten versión en galego

[www.bing.com](http://www.bing.com)

## → CAMISOLAS E OUTROS DESEÑOS



### Caramuxo

[www.caramuxo.com](http://www.caramuxo.com)



### Lobishome

[www.lobisome.com](http://www.lobisome.com)




### Nicetrip

[www.nicetripgalicia.com](http://www.nicetripgalicia.com)



### Rei Zentolo

[www.reizentolo.com](http://www.reizentolo.com)



### Tinta de Lura

[www.tintadelura.com](http://www.tintadelura.com)

## → COMUNIDADE BLOG



### Blogalego

Buscador de contidos nos blogs en galego

[www.blogalego.com](http://www.blogalego.com)

## → COMUNIDADE BLOG



### Blogaliza

A maior comunidade blog galega, con sistema gratuito de creación de blogs  
[www.blogaliza.org](http://www.blogaliza.org)



### Blogoteca

Sistema gratuito e en galego para a creación de blogs sinxelos  
[www.blogoteca.com](http://www.blogoteca.com)



### Nireblog

Sistema gratuito de creación de blogs en máis de 50 idiomas, entre eles o galego  
[www.nireblog.com/gl](http://www.nireblog.com/gl)

## → CULTURA POPULAR



### Galicia encantada

Enciclopedia da fantasía popular de Galiza  
[www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)



### Museo do Pobo Galego

Toda a información sobre o máis completo museo da nosa cultura popular  
[www.museodopobo.es](http://www.museodopobo.es)



### O Patrimonio

Candidatura das tradicións orais galego-portuguesas a ser declaradas patrimonio inmaterial da humanidade por parte da Unesco  
[www.opatrimonio.org](http://www.opatrimonio.org)



### Xogos populares

Portal da tradición lúdica galega. Información sobre xogos, recursos, competicións, etc.  
[www.xogospopulares.com](http://www.xogospopulares.com)

## → DEPORTES



### Deportealego

Web institucional da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta  
[www.deportegalego.es](http://www.deportegalego.es)



Federac. Colombófila Galega  
<http://fcolombofilagalega.wordpress.com>



Federac. Galega de Atletismo  
[www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)



Federac. Galega de Balonmán  
<http://www.fgbalonman.com>




Federación Galega de Caza  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



Federac. Galega de Ciclismo  
[www.fgalegaciclismo.es](http://www.fgalegaciclismo.es)



Federac. Galega de Montañismo  
[www.fgmontanismo.com](http://www.fgmontanismo.com)



## Xiria

Sitio web da Asociación Deportiva Xiria de Carballo. Toda a información sobre os clubs de xadrez, voleibol, baloncesto e balonmán  
[www.xiria.net](http://www.xiria.net)



Federac. Galega de Patinaxe  
[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com)



Federación Galega de Pesca  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)



Federación Galega de Surf  
[www.fgsurf.org](http://www.fgsurf.org)



Federación Galega de Voleibol  
[www.fgvb.es](http://www.fgvb.es)

## → DIÁSPORA



## Atopadoiro

Servizo para o reencontro de galegos e galegas coas súas familias  
[www.atopadoiro.org](http://www.atopadoiro.org)



## Fillos de Galicia

Comunidade virtual de emigración galega  
[www.fillos.org](http://www.fillos.org)



Federac. Galega de Ximnasia  
[www.ximnasia.com](http://www.ximnasia.com)



Surfgz  
Web galega do surf  
[www.surfgz.com](http://www.surfgz.com)



## Galicia Aberta

Web da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta  
[www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com)

## → ECOLOXISMO



## Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Web desta asociación ecoloxista. Información sobre as súas actividades e campañas  
[www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org)



## → ECOLOXISMO



### Carballo limpo

Web do Concello de Carballo sobre o coidado do medio. Información sobre reciclaxe, recollida de lixo, punto limpo, etc.

[www.carballolimpo.com](http://www.carballolimpo.com)



### Cos pés na terra

Revista electrónica para a información, a reflexión e o debate sobre o medio e a sustentabilidade

[www.cospesnaterra.info](http://www.cospesnaterra.info)



### Verdegaia

Web desta asociación ecoloxista. Información sobre as súas actividades e campañas

[www.verdegaia.org](http://www.verdegaia.org)

## → EDUCACIÓN



### Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

Asociación de renovación pedagóxica

[www.as-pg.com](http://www.as-pg.com)



### Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Web da Consellería de Educación da Xunta

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



### CRA Escuela

Proxecto web de escolas de Ponteceso e Cabana de Bergantiños

[www.craescuela.net](http://www.craescuela.net)



### Nova Escola Galega

Asociación de renovación pedagóxica

[www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)



### Rede de Escolas Infantís de Galicia

Rede de escolas infantís de Galicia

[www.escolasinfantis.net](http://www.escolasinfantis.net)



### Universidade da Coruña

Web da Universidade da Coruña

[www.udc.es](http://www.udc.es)



### Universidade de Santiago de Compostela

Web da Universidade de Santiago de Compostela

[www.usc.es](http://www.usc.es)




### Universidade de Vigo

Web da Universidade de Vigo

[www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)

## → IMAXE E AUDIOVISUAL



**AVG. Cultura Galega. Audiovisual**  
Soportal de Culturagalega.org con información sobre o audiovisual galego  
[www.culturagalega.org/avg](http://www.culturagalega.org/avg)



**CGAI**  
Centro Galego de Artes da Imaxe  
[www.cgai.org](http://www.cgai.org)



**Consorcio Audiovisual de Galicia**  
Consorcio Audiovisual de Galicia  
[www.consorcioaudiovisualdegalicia.org](http://www.consorcioaudiovisualdegalicia.org)



**Para mariñeiros nós**  
Serie na rede ambientada na Costa da Morte. Agora tamén en televisión  
<http://paramarinheirosnos.blogspot.es/>

## → INFORMACIÓN CULTURAL



**Axenda cultural da Costa da Morte**  
Información sobre actividades culturais na Costa da Morte  
<http://antigo.qupasanacosta.com/axendacostadamorte>



**Cidade da Cultura**  
Web con toda a información sobre a Cidade da Cultura situada en Santiago de Compostela  
[www.cidadedacultura.org](http://www.cidadedacultura.org)



**Consellería de Cultura**  
Web da Consellería de Cultura da Xunta  
<http://culturaeturismo.xunta.es>




**Consello da Cultura Galega**  
Sítio web desta institución galega con información sobre a súa actividade, proxectos, publicacións, arquivos, centros, etc.  
[www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)



**Culturagalega.org**  
Portal de información cultural galega. Novas, eventos, axenda, certames, soportais de literatura, audiovisual, música e banda deseñada, etc.  
[www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org)



**Federación de Asociacións Culturais de Galiza**  
Federación que agrupa a múltiples asociacións culturais locais de todo o país  
[www.galizacultura.org](http://www.galizacultura.org)



**Festa da Carballeira**  
Información sobre a Festa da Carballeira de Zas  
[www.festadacarballeira.com](http://www.festadacarballeira.com)

## → INFORMACIÓN CULTURAL



### Festiletras

Actividades conmemorativas das Letras galegas organizadas pola A.S Cultural Monte Blanco  
[www.festiletras.com](http://www.festiletras.com)



### Fundación Torre Pujales

Museo de arte contemporánea da Costa da Morte, en Corme  
[www.fmactorrepujales.com/p/gl/Presentacion/Presentacion.php](http://www.fmactorrepujales.com/p/gl/Presentacion/Presentacion.php)



### Concello de Coristanco

[www.concellocoristanco.es](http://www.concellocoristanco.es)



### Concello de Laxe

[www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com)



### Concello de Malpica de Bergantiños

[www.concellomalpica.com](http://www.concellomalpica.com)



### Concello de Ponteceso

[www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net)

## → INSTITUCIÓNS PÚBLICAS



### Concello da Laracha

[www.concellolaracha.com](http://www.concellolaracha.com)



### Conc. de Cabana de Bergantiños

[www.concello-cabana.com](http://www.concello-cabana.com)



### Concello de Vimianzo

[www.vimianzo.es](http://www.vimianzo.es)



### Concello de Zas

[www.concellodezas.org](http://www.concellodezas.org)



### Concello de Camariñas

[www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)



### Concello de Carballo

[www.carballo.org](http://www.carballo.org)



### Deputación da Coruña

[www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)



### Parlamento de Galicia

[www.parlamentodegalicia.com](http://www.parlamentodegalicia.com)



### Xunta de Galicia

[www.xunta.es](http://www.xunta.es)

## → LIBROS E LITERATURA



### Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG)

Información sobre as actividades, biografía de todos/as os/as asociados/as, etc.

[www.aelg.org](http://www.aelg.org)



### Asociación Galega de Editores (AGE)

Información sobre todas as editoriais do país, ademais de novas, axenda, premios, etc.

[www.editoresgalegos.org](http://www.editoresgalegos.org)



### Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil

Actividades, novas, premios, etc.

[www.galix.org](http://www.galix.org)



### Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego

Literatura universal na nosa lingua

[www.bvg.udc.es](http://www.bvg.udc.es)



### Biblos Clube de Lectores

Novidades literarias e venda de libros

[www.biblosclube.com](http://www.biblosclube.com)



### Federación de Libreiros/as de Galicia

Información sobre o libro galego, as librerías, etc.

[www.librerías.org](http://www.librerías.org)



### Lg3. Cultura Galega. Literatura

Soportal de información literaria do Consello da Cultura Galega

[www.culturagalega.org/lg3](http://www.culturagalega.org/lg3)



### Rede de Bibliotecas de Galicia

Portal coa información das bibliotecas do noso país

[www.rbgalicia.com](http://www.rbgalicia.com)

## → LINGUA



### A Mesa pola Normalización Lingüística

Plataforma para a defensa e promoción do uso do galego con información sobre a súa historia, iniciativas, novas, campañas, lexislación lingüística, etc.

[www.amesanl.org](http://www.amesanl.org)



### Blog do SNL de Zas

Información sobre as accións de normalización lingüística do Concello de Zas

<http://snlzas.blogaliza.org>

## → LINGUA



### Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)

Web deste centro pertencente do Consello da Cultura Galega. Información sobre os seus obxectivos, convocatorias, dinamización, planificación lingüística, etc.

[www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg](http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg)



### Ciberirmandade da Fala

Colectivo para a defensa da nosa lingua desde a rede


[www.ciberirmandade.org](http://www.ciberirmandade.org)



### Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

Actualidade sobre o proceso de normalización da lingua galega: novas sobre lingua, convocatorias, formación, publicacións, recursos, ligazóns, etc.

[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)



### Coordinadora Galega de Equipos de Normalización Lingüística

Entidade que agrupa os equipos de normalización dos centros de ensino

[www.coordinadoraendl.org](http://www.coordinadoraendl.org)



### Loia

Portal con información xeral sobre a lingua galega: mapas, historia, gramática, etc.

[www.loia.org](http://www.loia.org)



### Planetaki

Planeta dos equipos de normalización lingüística do ensino

<http://www.planetaki.com/normalizagaliza>



### Portal Galego da Língua

Portal promovido pola Asociación Galega da Língua (AGAL): actualidade, iniciativas, etc.

[www.pglingua.org](http://www.pglingua.org)



### ProLingua

Plataforma a prol da defensa e promoción da lingua galega


[www.prolinguagalega.org](http://www.prolinguagalega.org)



### Queremos galego

Plataforma cidadá en defensa da lingua galega


[www.queremosgalego.org](http://www.queremosgalego.org)



### Real Academia Galega

Información sobre a RAG, obxectivos, seccións, membros, biblioteca, arquivo, etc. Conta cunha sección de recursos lingüísticos

[www.realacademiagalega.org](http://www.realacademiagalega.org)



### Secretaría Xeral de Política Lingüística

Información sobre a política lingüística do Goberno galego: novas, recursos, formación, convocatorias, etc.

[www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega)



## SNL da Confederación de Empresarios de Galicia

Información de normalización lingüística no ámbito empresarial  
<http://www.normalizacion.ceg.es>

## → MOCIDADE



## Consello da Xuventude de Galicia

Entidade institucional representativa das asociacións xuvenís do noso país  
[www.cxg.org](http://www.cxg.org)



## Galiza Nova

Organización xuvenil do Bloque Nacionalista Galego (BNG)  
[www.galizanova.org](http://www.galizanova.org)



## Novas Xeracións

Organización xuvenil do Partido Popular (PP)  
[www.novasxeracions.com](http://www.novasxeracions.com)



## Xuventude.net

Portal institucional de información xuvenil  
[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)



## Xuventudes Socialistas

Organización xuvenil do PSdG-PSOE  
[www.xuventudessocialistas.org](http://www.xuventudessocialistas.org)

## → MÚSICA PARA ESCOITAR (algúns grupos)




## Ataque escampe

Rock de serie B  
<http://ataqueescampe.blogspot.com>



## Cuchufellos

Ska reggae speed-folk  
[www.cuchufellos.com](http://www.cuchufellos.com)



## Dios ke te crew

Hip hop  
[www.diosketecrew.com](http://www.diosketecrew.com)




## Festicultores

Cultivadores de festa  
[www.festicultores.com/gz](http://www.festicultores.com/gz)



## Guezos

Folk rock  
[www.guezos.com](http://www.guezos.com)



## Lamatumbá

Mestura de reggae, samba, rumba e rock con carácter propio  
[www.lamatumba.com](http://www.lamatumba.com)

## → MÚSICA PARA ESCOITAR (algúns grupos)



### Luar na lubre

Folk

[www.luarnalubre.com](http://www.luarnalubre.com)



### Marful

Melodías bailábeis con letras actuais

[www.marful.info](http://www.marful.info)



### Mercedes Peón

Cantante e gaitreira

[www.mercedespeon.es](http://www.mercedespeon.es)



### Milladoiro

Folk

[www.milladoiro.com](http://www.milladoiro.com)



### O Leo i Arremecaghona

Cañautor punk

<http://arremecaghona.blogspot.com>



### Ruxe ruxe

Rock


[www.ruxeruxe.com](http://www.ruxeruxe.com)



### The homens

Power pop

[www.thehomens.com](http://www.thehomens.com)



### Zénzar

Rock contundente

[www.zenar.info](http://www.zenar.info)

## → MÚSICA: INFORMACIÓN VARIADA



### A Regueifa

Plataforma de distribución creativa de música galega a través da rede

[www.aregueifa.net](http://www.aregueifa.net)



### Ghastas Pista?

Información sobre música folk e tradicional galega

[www.ghastaspista.com](http://www.ghastaspista.com)

## → MÚSICA: INFORMACIÓN VARIADA



### Komunikando

Portal e punto de encontro da música galega de todos os estilos. Información de grupos, concertos, contactos, proxectos, etc.


[www.komunikando.net](http://www.komunikando.net)



### Mega

Canal de información sobre música galega

[www.culturagalega.org/mega](http://www.culturagalega.org/mega)



### Música ao vivo

Rede galega de música ao vivo

[www.musicaovivo.info](http://www.musicaovivo.info)



### Musiqueoh

Agregador das webs que falan da música en galego

[www.musiqueoh.com](http://www.musiqueoh.com)



### Nsaio

Rede Galega de Locais de Ensaio. Información dos grupos, axenda, etc.

[www.nsaio.net](http://www.nsaio.net)



### Toupa

Tenda na rede con gran cantidade de música galega

[www.toupa.net](http://www.toupa.net)

## → ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS



### Bloque Nacionalista Galego (BNG)

[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)



### Partido Popular de Galicia (PP)

[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



### Partido Socialista de Galicia - Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

[www.psdeg-psoe.org](http://www.psdeg-psoe.org)



### Terra Galega (TeGa)

[www.terragalega.eu](http://www.terragalega.eu)

## → REDES SOCIAIS



### Cabozo

Rede social galega onde podes crear grupos, chatear, compartir novas interesantes, dicir o que estas a facer, compartir imaxes, arquivos, eventos...

[www.cabozo.com](http://www.cabozo.com)



## → REDES SOCIAIS



### Facebook

Tamén podes usar o Facebook en galego. Elixo a túa lingua en Conta > Configuración de conta > Lingua

[www.facebook.com](http://www.facebook.com)



### Latrica

Servizo galego de microblogging para falar, opinar, latricar...

[www.latri.ca](http://www.latri.ca)



### Tuenti

Unhas das redes sociais máis populares entre a xente nova, pódese usar tamén en galego

[www.tuenti.es](http://www.tuenti.es)

## → RECURSOS LINGÜÍSTICOS



### Diccionario de galego en liña

Diccionario Ir Indo con definicións en galego e equivalencias en portugués, castelán e inglés

[www.digalego.org](http://www.digalego.org)



### ESGL

Tradutor automático castelán-galego

[www.xunta.es/tradutor](http://www.xunta.es/tradutor)



### OpenTrad

Tradutor automático das linguas do Estado español

[www.opentrad.com](http://www.opentrad.com)



### OrtoGal

Corrector ortográfico en liña

<http://sli.uvigo.es/corrector>



### Recursos Lingüísticos

Web da Deputación da Coruña con correctores ortográficos, dicionarios e vocabularios, aprendizaxe, tradutores e linguateca

[www.recursosparaogalego.com](http://www.recursosparaogalego.com)



### Tradutor Apertium

Tradutor español-galego e galego-español de textos, sitios web e arquivos de texto

<http://sli.uvigo.es/tradutor>



### Vocabulario ortográfico da lingua galega

Vocabulario ortográfico da Real Academia Galega

[www.realacademiagalega.org/volga](http://www.realacademiagalega.org/volga)

## → SOFTWARE, TECNOLOXÍA E REDE GALEGA



**Cesga**  
Centro de supercomputación galego  
[www.cesga.es](http://www.cesga.es)



**Código Cero**  
Diario tecnolóxico galego  
[www.codigocero.com](http://www.codigocero.com)




**Mancomun**  
Iniciativa galega polo software libre. Iniciativas, eventos, recursos, espazo colaborativo, directorio, etc.  
[www.mancomun.org](http://www.mancomun.org)



**O galego nas novas tecnoloxías**  
Información sobre recursos tecnolóxicos en galego  
[www.xunta.es/linguagalega/o\\_galego\\_nas\\_novas\\_tecnoloxias](http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_nas_novas_tecnoloxias)



**Oficina de Software libre da USC**  
[www.usc.es/osl](http://www.usc.es/osl)



**Oficina de Software libre sa UdC**  
[www.softwarelibre.udc.es](http://www.softwarelibre.udc.es)



**Proxecto Trasno**  
Comunidade aberta de voluntarios/as que se dedican a localizar software libre ao galego  
[www.trasno.net](http://www.trasno.net)



**Puntogal**  
Iniciativa para a procura do dominio de internet .gal para a cultura galega  
[www.puntogal.org](http://www.puntogal.org)

## → TURISMO E COMERCIO



**APTCM**  
Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte  
[www.aptcn.es](http://www.aptcn.es)



**Centro Comercial Aberto de Carballo**  
Información sobre o Centro Comercial Aberto de Carballo: novas, contacto, actividades, ofertas e demandas de emprego, buscador de asociados, etc.  
[www.ccacarballo.com](http://www.ccacarballo.com)



**Fecom**  
Federación de empresarios/as da Costa da Morte  
[www.fecomgalicia.com](http://www.fecomgalicia.com)

## → TURISMO E COMERCIO



### Finisterrae

A comunidade virtual da Costa da Morte: actualidade, axenda, que ver, onde aloxarse, onde comer, que facer, que saber, como chegar, o tempo, deportes, concellos, etc.

[www.finisterrae.com](http://www.finisterrae.com)



### Galiciaturismo

Buscador de aloxamentos turísticos en todo o país

[www.galiciaturismo.es](http://www.galiciaturismo.es)



### TurGalicia

Toda a información turística do noso país neste web institucional

[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



### Turismo Costa da Morte

Información sobre o Plan de dinamización turística da Costa da Morte. Aloxamentos, gastronomía, natureza, concellos, novas, etc.

[www.turismocostadamorte.com](http://www.turismocostadamorte.com)

## → XOGOS



### A Curuxa

Xogo en liña baseado no xogo da oca

[www.as-pg.com/curuxa](http://www.as-pg.com/curuxa)



### Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional

Web para a divulgación dos xogos populares e tradicionais galegos

[www.agxpt.org](http://www.agxpt.org)



### Catapalabras

Xogo en que cada quen debe escribir palabras que encaixen en certas categorías e que comece por unha letra determinada

[www.as-pg.com/catapalabras](http://www.as-pg.com/catapalabras)



### Letrad@s

Xogo que consiste en formar palabras de dúas ou máis letras que poidan ser lidas de esquerda a dereita ou de arriba a abaixo

[www.as-pg.com/letradas.gz](http://www.as-pg.com/letradas.gz)



### Mega Xogos

O portal en galego de xogos gratuítos na rede

[www.megaxogos.com](http://www.megaxogos.com)



### Trivial Gz

O Trivial en rede, en galego e con contidos galegos

[www.as-pg.com/trivial.gz](http://www.as-pg.com/trivial.gz)



### Xoga con nós

Xogos educativos desenvolvidos pola Xunta de Galicia

[www.edu.xunta.es/xogos](http://www.edu.xunta.es/xogos)

## → XOGOS TRADICIONAIS



### Xogos tradicionais

Diversos xogos en rede e outros  
[www.xogostradicionais.com](http://www.xogostradicionais.com)

## → XORNAIS E INFORMACIÓN XERAL



### A Nosa Terra

Diario dixital galego  
[www.anosaterra.com](http://www.anosaterra.com)



### Chuza

Rede social de novas  
[www.chuza.gl](http://www.chuza.gl)



### De Luns a Venres

Versión dixital do diario gratuito galego  
[www.l-v.es](http://www.l-v.es)




### Galicia Hoxe

Versión electrónica do único diario en papel integramente en galego  
[www.galicia-hoxe.com](http://www.galicia-hoxe.com)



### Que pasa na costa

Información de carácter xeral da Costa da Morte  
[www.quepasanacosta.com](http://www.quepasanacosta.com)



### Radio Televisión de Galicia

Web corporativo da CRTVG  
[www.crtvg.es](http://www.crtvg.es)



### A Galega

Aquí pódense ver todos os vídeos informativos da TVG  
[www.agalega.info](http://www.agalega.info)

## → VARIOS



### Federación Galega de Confrarías de Pescadores

Información xeral, meteoroloxía, emprego, formación, novas, etc., relacionadas coa pesca  
[www.confrariasgalicia.org](http://www.confrariasgalicia.org)



### Wikipedia

Enciclopedia colaborativa en galego de transmisión do coñecemento sen restricións editoriais nin comerciais  
<http://gl.wikipedia.org>

→ **VARIOS**




**Xa nos tes aquí**


Web da liturxia e a catequese en galego

<http://xanostesaqui.webnode.es/>

**INCLÚE AQUÍ NOVOS ENDEREZOS QUE VAIAS ATOPANDO**

A series of horizontal dashed lines for taking notes, intended for recording new addresses found.





# Os meus favoritos

Guía de enderezos de internet



Colaboran:

